

## INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS INICIO CURSO ESCOLAR 2021-2022

Estimadas familias:

Coa presente circular, queremos trasladarvos información relevante sobre o inicio do curso do vindeiro xoves 9 de setembro:

O día 9 de setembro, comezan as clases para o alumnado de Educación Infantil e Primaria nos seguintes horarios:

CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
4º Ed. INFANTIL	9 de setembro	(Ver período de adaptación)	(Ver período de adaptación)	Porta San Antonio
5º Ed. INFANTIL	9 de setembro	10:15 h	13:15 h	5A Infantil –Porta de San Antonio 5B Infantil Rúa das Orfas
6º Ed. INFANTIL	9 de setembro	10:15 h	13:15 h	Rúa das Orfas

CURSO	DÍA	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR DE ENTRADA/SAÍDA
1º Ed. PRIMARIA	9 de setembro	10:05 h	13:35 h	Porta San Antonio
2º Ed. PRIMARIA	9 de setembro	9:55 h	13:30 h	Porta San Antonio
3º Ed. PRIMARIA	9 de setembro	9:45 h	13:25 h	Porta San Antonio
4º Ed. PRIMARIA	9 de setembro	10:05 h	13:35 h	Rúa das Orfas
5º Ed. PRIMARIA	9 de setembro	9:55 h	13:30 h	Rúa das Orfas
6º Ed. PRIMARIA	9 de setembro	9:45 h	13:25 h	Rúa das Orfas

### 1.- INFORMACIÓN XERAL

É importante que poñades especial atención ás indicacións e apelar á responsabilidade de todos. Serán moitos os alumnos destas etapas que coincidan en hora e lugar de entrada. A medida que vaian chegando ao centro e baixo as indicacións do profesorado, irán entrando ás aulas.

Facilitarase a información da aula que lle corresponde a cada grupo para evitar aglomeracións (**publicaranse na páxina Web**). Pedímosvos que non acudades ao centro moito antes da hora da entrada, para evitar acumulacións nas portas de acceso.

**As familias non accederán ao centro**, agás no caso dos alumnos de 4ª EDUCACIÓN INFANTIL (3 anos), que poderán entrar tan só cun adulto: pai/nai/titor. (**período de adaptación**)

Antes de saír da casa, é importante facer a **Enquisa de Autoavaliación Clínica do Covid-19** para descartar calquera sospeita de ter a infección por coronavirus.

O material que terá que traer o alumnado será:

- **Máscara de protección posta** (obrigatorio a partir de 1º primaria) e outra de reserva gardada nun estoxo (hixienizado onde poder gardala)
- **Envase pequeno de xel hidroalcohólico** (recomendable a partir de 4º de primaria)

- **Botella de auga pequena**
- **Non é necesario traer os libros o primeiro día.**

As entradas e saídas do centro, estarán supervisadas polos profesores, e faranse de xeito ordenado, en ringleira, sen facer agrupamentos e mantendo unha distancia interpersoal de seguridade. Desde o centro, estamos organizando todos os espazos segundo os protocolos establecidos pola consellería (distancias, sinalización, limpeza, desinfección, etc...)

O **Equipo Covid do centro**, mediante circular en *educamos* e na *web*, fará chegar ás familias un resumo do Protocolo COVID adaptado á situación actual do novo curso 2021-2022, para que todos poidades ter a información máis relevante e deste xeito contribuír xuntos na creación dunha contorna escolar máis segura e saudable.

A partir do segundo día de clase (en cada nivel), o horario será o normal do curso (para o mes de setembro a *excepción do 4º curso de Educación Infantil en período de adaptación*).

Nos vindeiros días ou semanas enviaranse varias circulares informativas cos “documentos” que sexan de interese para as familias.

## **2.- COMEDOR E PROGRAMA PEQUENOS MADRUGADORES**

O **servizo de comedor** e o programa “**Pequenos madrugadores**” comezará a partir do día **10 de setembro ata o 22 de xuño de 2022**, ambos inclusive. Os usuarios de comedor poderán quedar hasta as 16:00H.

O programa “Pequenos madrugadores” non é aplicable aos alumnos de 3 anos durante o período de adaptación. **Aqueles que non solicitaran estes servizos poden pasar por secretaría para solicitalo.**

## **3.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Proximamente enviarase unha circular informativa coa **nova oferta extraescolar** para este curso. Debido á situación de pandemia e en aplicación do protocolo COVID só se ofertarán aquelas actividades extraescolares que poidan garantir o cumprimento das normas sanitarias.

#### **4.- RENOVACIÓN OU SOLICITUDE TARXETA DE APARCAMENTO PRAZA DE GALICIA E BELVÍS**

O Concello informa que durante todo o mes de setembro estará pechado ao tráfico o acceso á Praza de Mazarelos. Polo tanto, todas aquelas familias que usen o transporte privado e queiran utilizar o aparcadoiro de Belvís ou da Praza de Galicia deben renovar ou solicitar a tarxeta.

#### **5.- REUNIÓNS DE INICIO DE CURSO**

Serán telemáticas, agás para o alumnado de nova admisión que serán contactados polos tutores para unha reunión presencial.

#### **6.- SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR**

Aquelas familias interesadas no servizo de transporte escolar poden poñerse en contacto co Centro. Lembramos que neste momento hai dúas liñas operativas, a liña Norte e a liña de Milladoiro.

Un afectuoso saúdo

O Equipo Directivo